

Resolución decanal relativa á concesión de premios do concurso de vídeos “Mocidade ao mando: explorando a Economía e a Empresa” (2ª edición)

Con data 15 de outubro de 2025 foron publicadas nas páxinas web da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais da Universidade de Santiago de Compostela e do Servizo de Normalización Lingüística as bases do concurso de vídeos para o alumnado de ensino medio “Mocidade ao mando: explorando a economía e a empresa” (2ª edición).

No apartado número 7 das bases indicábase que para presentarse ao concurso, as persoas autoras ou representantes debían achegar a ficha de inscrición ao enderezo electrónico do decanato: ecoadecanato@usc.gal. O prazo para a presentación dos traballos rematou o 10 de novembro de 2025.

Unha vez rematado o devandito prazo, recibíronse un total de 29 propostas de 12 centros de ensino secundario.

Segundo se indicaba no apartado número 9 das bases, o xurado encargado da concesión dos premios estivo integrado pola Comisión de Normalización Lingüística da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais, un representante do Servizo de Normalización Lingüística da USC e un representante de AGAEDES (Asociación Galega de Ensinantes de Economía en Secundaria).

O xurado reuniuse o pasado 2 de decembro e valorou as propostas recibidas en base á calidade técnica (imaxe e son – 20%), corrección lingüística (20%), orixinalidade do vídeo (10%) e corrección nos conceptos científicos (50%).

Tendo en conta a valoración final outorgada polo xurado,

RESOLVO

Conceder os premios do concurso “Mocidade ao mando: explorando a Economía e a Empresa” (2ª edición):

- Primeiro premio (agasallo por valor de 175 euros) para o vídeo titulado “A brecha salarial”, do IES María Casares.
- Segundo premio (agasallo por valor de 125 euros) para o vídeo titulado “A Lei da oferta e da demanda... de forma romántica!”, do IES A Cañiza.
- Terceiro premio (agasallo por valor de 100 euros) para o vídeo titulado “Un influencer influenciando”, do IES A Cañiza.

Contra a presente resolución, poderá interpoñer recurso de alzada ante este órgano ou directamente ante o reitor no prazo dun mes, a contar desde o día seguinte á súa recepción, de conformidade cos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

Xoán Ramón Doldán García
Decano

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: XOAN RAMÓN DOLDÁN GARCÍA,
NIF ***3205**, 03/12/2025 15:03:39.

CSV: 5CFB-7AEF-4CD6-8F1C